

# A ESCURIDADE DA LUZ

Nin sequera recordo moi ben o día no que me atopaba, pode ser que fose unha tarde de inverno, onde a única compañía que tes é un té morno, un libro vello e o calor do lume da cheminea. A xanela estaba repleta de pingas que corrían desesperadamente buscando unha saída, buscando un refuxio nalgún lugar da terra despois de que as nubes as abandonasen, xa non podían confiar en ninguén, e eu tampouco. Pasei horas rebuscando naquel libro, relendo as mesmas follas unha e outra vez, intentando descubrir o que sucedeu, intentando traerte de volta, pero supoño que volver ao sitio onde todo ocorreu non faría que puidese escoitar de novo esa voz, a que todas as mañás se encargaba de espertarme. Se cerro os ollos, lembro cada paso que demos dende que chegamos a Mondoñedo, o 31 de outubro do ano pasado, como escapada da nosa vida cotiá e do noso traballo que nos tiña completamente esgotados. Deixaches as maletas no noso cuarto, a que agora mesmo está a dous metros de min e non tiveron valor para acceder a ela, e sorríchesme, sorríchesme como nunca o fixeras, con eses dentes tan pequeniños que sempre me gustaron, achegácheste ao meu oído dicíndome que esa fin de semana ía marcar un antes e un despois na nosa relación, e tanto que foi así, pero ninguén me dixo que o despois ía transcorrer sen ti.

A primeira noite que pasamos nesta casa, estabas nesta mesma cadeira, lendo este libro, o que eu pensaba que era parte de calquera tipo de entretemento, levaba unha historia detrás, unha historia que seguirá poñéndome a pel de galiña por moitas veces que a lea.

Lémbrome da túa cara mentres lías cada parágrafo, a túa expresividade permitíame identificar o medo e ao mesmo tempo a curiosidade que che estaba transmitindo. Pasaron horas e non despegabas a vista das follas, empecei a preocuparme pola túa crecente obsesión e pola continua expresión temerosa da túa cara. Levantaches a vista, suando, contáchesme que aquel libro tan vello, tan magullado, contiña información sobre a casa na que estabamos, dos primeiros donos e da orixe da vila, eu simplemente escoitaba con atención cada palabra que saía da túa boca, paciente e ao mesmo tempo, asombrada, moi asombrada. Todo ocorreu moi rápido, e aquel tempo de desconexión converteuse nun retroceso no tempo, nun

camiño de incertidume que non puidemos deixar escapar sen encontrar a verdade, sen encontrar respostas de cada cuestión que nos suscitaron aquelas palabras.

Eran as catro da madrugada, explicáchesme que aquel libro podería axudarche a entender o porqué da desaparición da túa irmá Isa, da que nunca falabas, estou segura de que falar dela e do seu caso producíache unha impotencia imposible de controlar, por non saber o que realmente pasou neste pobo, nesta casa e co seu corpo. Naquel momento entendín o importante que era para ti obter respostas, mirei os teus ollos, a túa agonía, e non puider evitar axudarche, aínda hoxe o volvería a facer. Ninguén dos dous pensabamos que estas cousas puideran ser reais, nin se nos pasou pola cabeza esta posibilidade, pero toda a información que adquirimos aquela noite apuntaba a que todo iso era certo, a que non eran contos, a que non eran invencións, todo apuntaba a que esa era a única verdade. Decidimos meternos na cama para poder descansar un pouco, eramos conscientes de que o día seguinte ía ser un día de moitas emocións e ambos necesitabamos relaxarnos. Esa noite fuches ti o que apoiou a cabeza no meu peito, sabía que o necesitabas, querías sentirte protexido. Espertáronme os teus gritos, o meu primeiro pensamento foi que tiveras un pesadelo, ata que abrín os ollos e atopeime con corvos rodeando o noso cuarto, nunha mesa e repetida dirección, dando voltas, intentei achegarme a ti e poñer a man na túa cara, estabas fervendo e non era bo sinal.

Pasamos uns días moi malos, estabas distante, frío, non nos dirixiamos a palabra, e cando pensaba que todo estaba volvendo á normalidade, que estabas recuperando a túa vitalidade, desapareciches, sen deixar pegada, deixáchesme.

Dende aquel momento, a túa obsesión converteuse na miña, e aquí estou, sentada, mirando as pingas e relendo este libro pestilente.

Paseime semanas encerrada nesta vella mansión, a herba xa estaba moi alta e tapaba case a metade da fiestra, a casa sucia e eu mergullada na tristeza da miña, da túa, da nosa historia. A felicidade estábaseme a escorrer do corpo, xa non existía en min pinga de ledicia, só un incesante sufrimento que ninguén lograría entender. Coas poucas forzas que me quedaban, seguín loitando por descubrir máis e máis do ocorrido; e a resposta sempre foi a mesma, e algo estaba claro, nunca volvería a verte.

Despois de setenta e dous días agochada alí, sen vida humana en min xa, decidín buscar a miña salvación e as respostas ás miñas propias respostas nos meus libros favoritos.

“Para unha mente ben organizada, a morte só é a gran seguinte aventura”, “Son as nosas eleccións as que demostran quen somos moito máis que as nosas habilidades”, “A felicidade pódese atopar incluso nos momentos máis escuros, se somos capaces de usar ben a luz”, “O único que nos asusta cando miramos á morte e ás tebras é o descoñecido”, “Non teña pena polos mortos, senón polos vivos, e especialmente polos que viven sen amor”, “As palabras son, na miña opinión non tan humilde, a nosa fonte de maxia máis inesgotable, capaz de causar danos e de remedialo”, “A verdade é unha cousa terrible e fermosa e, polo tanto, debe tratarse con moito coidado”

Foi nese momento, cando aceptei estas sabias palabras en min, que decidín volver a Santiago coa miña familia, escapei deixando atrás todo. A miña nova historia estaba por comezar.

Paradóxica.